



Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Proxecto Interdisciplinar I		Código	730G03079
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Lema Rodríguez, Marcos	Correo electrónico	marcos.lemma@udc.es	
Profesorado	Lema Rodríguez, Marcos	Correo electrónico	marcos.lemma@udc.es	
	López López, Manuel		manuel.lopez.lopez@udc.es	
	Sanjurjo Maroño, Emilio		emilio.sanjurjo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que os alumnos poidan elaborar un proxecto de enxeñería de forma íntegra nun tema de interese para unha empresa concreta, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos nas materias cursadas ata este momento, e como elemento que facilite a posterior integración no mundo laboral, actuando como ponte entre a súa formación no rol de alumnos e o que desempeñarán como enxeñeiros na súa futura actividade profesional. Para iso, impartiranse seminarios sobre aspectos concretos que poidan quedar fóra das materias xa cursadas e realizárase un seguimento minucioso do proxecto que deberán de realizar. O traballo aquí realizado será susceptible de ser continuado en traballos fin de grao.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Desenvolvemento de capacidades técnicas e de deseño		B5 B9	
Desenvolvo de "soft skills": traballo en grupo, comunicación		B5 B9	
Preparación para o desenvolvemento profesional no ámbito da enxeñaría.		B7	
Experiencia coa resolución de problemas profesionais reais.		B7 B9	
Desenvolvemento da comprensión da perspectiva industrial: incluíndo aspectos de regulamentos, legais e económicos		B7	
Coñecemento ás tecnoloxías industriais		B7	
Someterse a avaliacións sobre os resultados dos seus proxectos		B5 B7 B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
Conceptos de deseño e cálculo en proxectos I.	Conceptos de deseño e cálculo en proxectos I.
Conceptos de xestión de proxectos.	Conceptos de xestión de proxectos.
Coñecementos do proceso de desenvolvemento de produtos.	Coñecementos do proceso de desenvolvemento de produtos.
Capacidade de traballo en equipo.	Capacidade de traballo en equipo.
Comunicación gráfica, oral e escrita.	Comunicación gráfica, oral e escrita.



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B7 B9	42	42	84
Traballos tutelados	B5 B7	0	61	61
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en seminarios especializados que teñan un interese significativo para a realización do proxecto para desenvolver polos alumnos. Estes seminarios impartiranse por profesores expertos nas súas respectivas áreas de coñecemento e a asistencia será obrigatoria.
Traballos tutelados	O traballo tutelado consistirá na realización en grupo do proxecto asignado aos alumnos, en concerto coas empresas colaboradoras. O obxectivo do proxecto é un desenvolvemento dunha solución conceptual do problema proposto. Este desenvolvemento farase en varias fases. Ao final de cada unha o profesorado e os representantes das empresas proporcionarán o seu feedback e irán avaliando as propostas iniciais e guiando o desenvolvemento do proxecto.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Será necesario mostrar os avances que se vaian realizando para ofrecer a orientación adecuada, resolver dúbidas e asegurar a calidade do traballo. Estas titorías realizaranse en grupo e de forma presencial.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B5 B7	Traballo autónomo en grupos reducidos. Será necesario entregar os materiais (documento e presentación) en tempo e forma. Ademais, requirirá a exposición oral pública por parte de todos os integrantes do grupo de traballo, empregando para iso a presentación entregada. Terase en conta para a avaliación desta actividade a memoria e a presentación entregada así como as contestacións ás preguntas do profesor durante a presentación obrigatoria. A non realización da presentación supoñerá unha nota de cero. Criterios xerais de avaliación: * Claridade, extensión e calidade da memoria do traballo. * Claridade e calidade da exposición oral do traballo. * Dominio do tema e adecuación das contestacións do alumno ás preguntas do profesor na sesión de exposición.	100

Observacións avaliación

Se un alumno non supera a materia na primeira oportunidade, na segunda oportunidade unicamente poderá entregar a revisión e mellora daqueles traballos entregados e cualificados como non aptos previamente. A asistencia e participación aos seminarios e actividades de seguimento é obrigatoria para poder ser avaliado, non habendo métodos alternativos de avaliación para os alumnos matriculados a tempo parcial / con dispensa académica. De acordo ao artigo 14, apartado 4 da normativa de avaliación, revisión e reclamación dos estudos de grao e máster universitario, cuxa última versión é do 29 de xuño de 2017, o plaxio de calquera traballo implicará a cualificación de suspenso cun 0 no devandito traballo.



Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Proxecto Interdisciplinar II/730G03080

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5 ("Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social") do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: 1. Solicitarse en formato virtual e/ou soporte informático. 2. Realizarse a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 3. De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías